

Convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Cultura e Turismo, a Amtega e a Universidade de Santiago de Compostela para a transformación e ampliación do proxecto Lex.gal

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo
DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizou co Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Amtega e a Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional **plurianual** arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata 28 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre o Parlamento, as diferentes consellerías participantes da Xunta de Galicia, a Amtega e a USC, para o redeseño, transformación e ampliación do proxecto Lex.gal

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que as partes consideran como referente normativo básico da súa actuación a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se reconece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega, o Plan xeral de normalización da



lingua galega, que aprobou por unanimidade o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, no que se recollen unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a normalización do galego, e o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego, coa pretensión de que, ao aumentar a presenza do galego na estrutura das relacións xurídicas, económicas e mercantís, sirva de efecto multiplicador no resto da poboación xa que se trata dun sector fundamental no funcionamento das sociedades modernas e de grande influencia e prestixio no mundo de hoxe.

Que as partes asinantes coa finalidade de promover e fomentar o uso do galego en todos os ámbitos da sociedade, levarán a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos sociais compartidos, xa que, como resultado do desenvolvemento deste proxecto a sociedade galega en xeral terá acceso a un recurso telemático, denominado Portal xurídico galego e base de datos de lexislación galega consolidada, Lex.gal., que deberá ter continuidade no tempo para dar resposta ás necesidades do conxunto da sociedade galega e, para ter actualizado o coñecemento xurídico-normativo e lingüístico .

Que a imposibilidade de promover a concorrencia pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver pola Universidade de Santiago de Compostela ao abeiro deste convenio, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e a cultura galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento



Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura dun convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

